

PREGO SIMPLIFICADO DE CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DUN NOVO VEHÍCULO AUTOMÓBIL PARA OS SERVIZOS DESTA FEDERACIÓN E ENAXENACIÓN DO ACTUAL.-

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto a contratación do subministro dun vehículo automóbil destinado á Presidencia da FEGAMP e enaxenación doutro como pago parcial en especie dese subministro.

A tipoloxía e características técnicas de ambos vehículos son as que se relacionan no correspondente prego de prescricións técnicas (Anexo I).

Dada a circunstancia da aparición dunha avaría así como o informe técnico da Secretaría Xeral no que se aconsella a súa substitución, asunto aprobado tanto pola Xunta de Voceiros como pola Comisión Executiva, primarase no concurso a máis pronta posta a disposición da Fegamp do vehículo.

Por esta última circunstancia poderase ofertar un vehículo xa a disposición do concesionario matriculado ou en exposición sen matricular.

No caso de entregarse un vehículo xa matriculado, a quilometraxe, en ningún caso, poderá ser superior aos 1.000 km (mil quilómetros) e a súa data de matriculación non poderá ser anterior a 90 (noventa) días dende a data de aprobación deste PREGO.

Neste último caso (entrega de vehículo matriculado) o ofertante deberá acreditar a súa disposición mediante a posta a disposición da Fegamp de:

- Matrícula ou número de bastidor, e
- Declaración responsable.

Este contrato ten a consideración, polo seu obxecto, dun contrato de subministro, de conformidade co disposto no artigo 9.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP)

2. NATUREZA XURÍDICA

Este contrato ten natureza privada de conformidade co disposto no artigo 20.1 do TRLCSP. Polo tanto rexerese polas vixentes instrucións internas de contratación da Fegamp, e complementariamente polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación deste contrato será o procedemento negociado sen publicidade, recaendo a adxudicación no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia solicitando ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible.

4. PREZO DO CONTRATO

O presuposto de licitación ascende á contía de 33.057,85 euros, aos que corresponde un IVE de 6.942,15 euros, o que fai un montante total de 40.000 euros. Existindo crédito suficiente nos orzamentos da Fegamp para o ano 2018. O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido.

As ofertas presentadas comprenderán tamén os gastos de transportes e demais que se poidan producir ata entrega do novo vehículo, así como o abono dos tributos que sexan esixibles, incluídos os correspondentes á transmisión ao adxudicatario do actual vehículo da Fegamp.

As ofertas que excedan do prezo total fixado ou sexan incorrectamente formuladas serán rexeitadas.

5. PRAZO DE ENTREGA

O prazo de entrega MÁXIMO do vehículo obxecto do subministro que trata este contrato será de noventa días, a contar dende o día seguinte ao da sinatura da formalización do contrato.

6. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas as persoas naturais o xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar que sinala o artigo 60 do TRLCSP.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

a) A capacidade de obrar acreditarase mediante Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. A dos empresarios que fosen persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto funcional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

b) A dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente.

2. A acreditación, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar.

a. Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación del Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante una autoridade xudicial.

7. SOLICITUDE E PRESENTACIÓN DE OFERTAS

A petición de ofertas realizarase mediante solicitude escrita, o que se adxuntará este prego. No suposto que razóns de urxencia aconsellen a axilización dos trámites, esta petición poderá realizarse por calquera método que o permita, deixando constancia no expediente.

As ofertas deberán presentarse nas dependencias da Fegamp, sitas na R/ Varsovia 4C, 6ª Planta, Área Central, 15707- SANTIAGO DE COMPOSTELA, no prazo fixado nas invitacións. Podendo tamén ser enviadas por correo ordinario Cando as proposicións se envíen por correo ordinario o licitador deberá xustificar a data do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano encargado da contratación a remisión da oferta mediante fax ao número 981. 565. 203 ou por telegrama.

A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación das ofertas formuladas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposta por marca de vehículo, sen prexuízo da admisibilidade das variantes ou melloras previstas no Prego de Cláusulas.

As empresas ou grupos multimarca poderán presentar oferta de vehículos de distintas marcas, pero nunca máis dunha por marca.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN

A documentación presentarase en dous sobres pechados (A e B) firmados polo licitador ou por persoa que o represente. En cada un dos sobres haberá de figurar o seu título ("Sobre A" e "Sobre B"), e o nome ou razón social do licitador, o seu NIF, así como o título "Adquisición de vehículo para a Presidencia da Fegamp".

No sobre A incluírá unha declaración responsable, segundo Anexo III, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar, nos termos fixados no artigo 146.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e sen prexuízo da obriga polo licitador que presente a oferta máis vantaxosa de incorporar posteriormente, mesmo por vía electrónica, a documentación acreditativa .

No sobre B presentará a proposición económica, conforme o seguinte modelo:

D,....., con DNI..... con domicilio en actuando en nome propio ou en representación da empresa....., NIF/CIF....., con domicilio social en representación que acredita mediante escritura de poder nº....., do protocolo de D..... Notario de.....

Expón

Que recibida invitación da Fegamp para a contratación do subministro dun vehículo automóbil, comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas e as condicións técnicas esixidas no mesmo, pola cantidade, IVE excluído de _____ euros, con IVE repercutido de _____ euros, sendo a oferta total de _____ euros

Lugar, data e sinatura do licitador

9. MESA DE CONTRATACIÓN

De acordo co establecido no artigo 320 do TRLCSP non se establece mesa de contratación. En todo caso as proposicións serán examinadas e valoradas por un grupo de traballo composto polo vicepresidente executivo, o secretario xeral e o director xeral da Fegamp.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de adxudicación que servirán de base para a determinación da oferta máis vantaxosa son os que se relacionan a continuación, tendo unha puntuación máxima de 100 puntos en total.

1.- Menor prezo ofertado, ata un máximo de 50 puntos, mediante a aplicación da seguinte fórmula:

- (Diferenza: tipo de licitación e oferta económica a valorar) x 50
- (Diferenza: tipo de licitación e oferta económica máis baixa)

Considerárase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% ao prezo do contrato IVE excluído pola prestación do mesmo.

2.- Maior prezo ofertado polo actual vehículo da Fegamp, ata un máximo de 5 puntos, a valorar da seguinte forma:

Un punto por cada 100 euros por encima do valor de taxación do vehículo (3.120 euros).

3. Redución no prazo de entrega do vehículo, ata un máximo de 35 puntos, a valorar da seguinte forma:

A posta a disposición da Fegamp do vehículo obxecto do contrato nun menor prazo valorarase con 35 puntos.

A partir desa data reducirase a puntuación proporcionalmente ao tempo ata chegar a 0 puntos cando se cumprira o día natural 90.

4. Extensión do prazo de garantía sobre o mínimo legal, ata un máximo de 10 puntos, a valorar da seguinte forma: Asignaranse 2 puntos por cada ano a maiores sobre a garantía mínima legal do vehículo.

No caso de empate na puntuación total entre dúas ou máis empresas, efectuarase a proposta de adxudicación a favor do licitador cuxa oferta sexa a máis económica.

11. APERTURA E EXAMEN DAS PROPOSICIÓNS.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas procederase a apertura e valoración das mesmas. Previamente a Secretaría Xeral calificou a documentación requirida. No suposto que a mesma teña algún defecto emendable poderá concederse un prazo improrrogable de dous (2) días para levar adiante dita emenda.

As proposicións serán examinadas e valoradas polo grupo de traballo sinalado, e unha vez efectuadas as negociacións que ha lugar cos propoñentes, fará unha proposta de adxudicación que elevará ao órgano de contratación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta seleccionada para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento por parte da Fegamp, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de haber constituído a garantía definitiva, o que poderá efectuar por medios electrónicos.

12. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación sinala no apartado anterior.

A adxudicación será motivada, notificándose aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante desta Federación.

En todo caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos na cláusula 6 do presente Prego, conforme determina o art. 146.4 TRLCSP.

O contrato formalizarase en documento privado non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores.

13. GARANTÍAS ESIXIBLES: O adxudicatario debera presentar, en calquera da formas admitidas en dereito, garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE, sen descontar o valor do actual vehículo da Fegamp.

O adxudicatario poderá solicitar antes de formalizar o contrato, a constitución da garantía definitiva mediante a retención do prezo no importe equivalente a contía da garantía correspondente.

14. EXECUCIÓN DO CONTRATO:

O contrato executarase con estrita suxeición as cláusulas estipuladas no prego polo que se rexe o presente contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación deste, dera o adxudicatario á Fegamp a través do secretario xeral. A entrega do vehículo será, no lugar que previamente sinale o secretario xeral. Nese acto faráselle entrega ao adxudicatario do vehículo actual da Fegamp con toda a documentación relativa ao mesmo.

O prezo do contrato abonarase ao adxudicatario previa a presentación, no Rexistro de Entrada da Fegamp, da factura correspondente con todos os requisitos legais, unha vez que se expedira a certificación ou o documento equivalente de recepción ou conformidade.

15. PRAZO DE GARANTÍA

Determinase como prazo de garantía a que se sometera o vehículo o legalmente establecido.

Si durante o prazo de garantía se observa e verifica a existencia de vicios ou defectos no subministro, esta Federación terá a potestade de reclamar a reposición dos elementos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente, todo elo con cargo ao adxudicatario.

Transcorrido o prazo de garantía, procederase á liquidación do contrato polo órgano responsable do pago.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS E EQUIPAMENTO MÍNIMO DO VEHÍCULO A SUBMINISTRAR

MODELO: Berlina. Tres volúmenes

MEDIDAS MÍNIMAS: 470 CMS DE LONXITUDE

POTENCIA MÍNIMA: 150 CV

COMBUSTIBLE: Indistinto

TRACCIÓN: Dianteira ou 4x4

EQUIPAMIENTO:

Retrovisores antideslumbrantes con regulación eléctrica e calefactables.

Climatizador biza.

Apoiabrazos dianteiro e traseiro.

Servocerre para as portas.

Pintura metalizada.

Volante multifuncional con ordenador de abordo plus.

Radio CD 310 con MP3 e enchufe multimedia.

Bluetooth incorporado ao vehículo no radio.

Equipamento de seguridade: 8 airbags , incluídos os airbags de cabeza.

Programa electrónico de estabilidade ESP, ABS con asistente de freada, ASR

control de tracción e EDL (Bloqueo de diferencial electrónico).

Detector de fatiga.

Control electrónico de velocidade.

Freo de estacionamento.

Asistente de arranque en rampa.

Función de encendido.

Neumático 205/55/16

Llantas de aluminio.

Faros de xenon.

Navegador GPS Europa.

Teléfono Bluetooth incorporado no navegador.

Cristais de portas traseiras e luneta posterior tintada. Cámara de visión traseira.

Co fin de que os candidatos á presentación de ofertas poidan examinar debidamente o vehículo obxecto de substitución ponse a disposición destes o número de telefono da FEGAMP (981.555.999) para poder concertar unha cita O MÉRCORES 24 DE XANEIRO e, igualmente, terán acceso ao libro de mantemento e incidencias do devandito vehículo.

ANEXO II

CARACTERÍSTICAS DO ACTUAL VEHÍCULO DA FEGAMP

MODELO: Volkswagen Passat 2.0 TDI 140 CV. color negro metalizado, ano 2007, con todas as revisións oficiais realizadas.

CALIDADE-EQUIPAMENTO:

- Motor 2.0 TDI Bluemotion technology.
- Combustible diesel.
- Tracción dianteira.
- Retrovisores antideslumbrantes con regulación eléctrica e calefactables.
- Climatizador bizona.
- Reposabrazos dianteiro e traseiro
- Servocerre para as portas.
- Pintura metalizada.
- Volante multifuncional con ordenador de abordo plus, inclúe cambio de levas para DSG.
- Radio CD 310 con MP3 e enchufe multimedia.
- Bluetooth incorporado ao vehículo na radio.
- Equipamiento de seguridade, 8 airbags , incluídos os airbags de cabeza.
- Programa electrónico de estabilidade ESP, ABS con asistente de frenada, ASR control de tracción e EDL (Bloqueo de diferencial electrónico).

- Detector de fatiga, avisa ao conductor de forma óptica e acústica.
- Control electrónico de velocidade (Tempomat).
- Freno de estacionamiento electrónico.
- Asistente de arranque en rampa (Autohold).
- Función de encendido (Press&drive).
- Neumático 205/55/16
- Llantas de aluminio.
- Faros de xenon.
- Navegador GPS Europa.
- Teléfono Bluetooth incorporado no navegador.
- Cristales de portas traseiras e luneta posterior tintada.
- Cámara de visión traseira.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, NIF _____, con domicilio en _____

En nome propio ou en representación da empresa _____, con
CIF _____, con domicilio en _____, Email _____

Na súa condición de _____, segundo acredita a medio de escritura
de poder, nº _____, do Notario de _____ DECLARA:

1º.- Cumprir as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración,
así como estar en posesión e validez dos seguintes documentos previstos no artigo
146.1 do TRLCSP:

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso, a súa
representación.

b) No seu caso, unha dirección de correo electrónico na que efectuar as notificacións.

2º.- Non encontrarse incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do
TRLCSP.

3º.- Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social,
sen prexuízo de que a xustificación de tal requisito deba presentarse, antes da
adxudicación, no caso de ser a oferta máis vantaxosa.

En _____

Asdo.